

O agoniar da alma

Xelamonite · *Luís Paradelo* · Galaxia, 2006 · 156 páx. · 12 euros

Cunha primeira novela édita de título tan suxerente, Luís Paradelo achégase á pesquisa ontolóxica dun seu protagonista, masculino, sentimental e membro de banda armada. Ambientada en espazo “propio” (Galiza) e “alleo” (Estados Unidos), *Xelamonite* é a introspección no agoniar d(unh)a alma. Cun estilo lírico cheo de referencias oníricas, Paradelo ocúpase dalgúns dos temas máis importantes desta centuria: a identidade como loita entre o “ser” e o “converterse”, a migración, o fracaso das relacións humanas e o conflito entre o individuo e a colectividade.

O afundimento do narrador nun pensamento labiríntico vai axudado polas drogas, mariguana e psicofármacos de preferencia, que o manteñen á beira do cantil emocional. As escollas técnicas do autor (a continua recorrencia a soños e ensoñacións, e a ruptura da linealidade temporal, e



en menor medida espacial) debuxan un ambiente dende o que identificarse coa confusión, soidade e agoría. O autor ocúpase das peripecias do personaxe na medida en que achegan material para unha reflexión universal sobre a condición humana. A incursión americana é a provisionalidade e o fracaso, que provocan a necesidade dunha “falsificación de min mesmo, unha amizade, un amor, afecto, sexo”. Esta parte da novela é a atinada narración do que o psiquiatra Joseba Achotegui chama a “síndrome de Ulises”, ou sexa, a depresión do emigrante. A segunda parte conta o regreso ao útero da nación (da vaca). No estranxeiro o narrador tecía “unha patria ideal mentres o tempo pasa[ba]”, e era chamado “[pol]a miña terra (...) para darme, de novo, a forma do meu ser”, pero o regreso é (sempre) decepcionante. E así, “retornas para o funeral da túa alma que fica nalgún vertedoiro dese país que deixas..”. O pasado, encarnado en desexada e desbotada loita armada, e unha serie de *liaisons* persoais condenadas ao fracaso, configuran unha vida irremediabelmente illada de si mesma e dos que a rodean.

// María Liñeira